



Concello do Porriño

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES

DOCUMENTO:

Data inicio de exposición: 20-10-2025

Data final de exposición: 30-11-2025

O Porriño, a de de

BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAL DOCENTE E DE XESTIÓN PARA EXECUCIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA PARA DESEMPREGADOS (AFD) DO CONCELLO DE O PORRIÑO 2025/26

Primeira.- OBXECTO

O obxecto destas bases é regular o proceso de selección para a contratación laboral temporal dunha persoa como docente e dunha persoa como xestor/a-técnico/a de formación da acción formativa para desempregados, incluídas no grupo profesional II, que responde a necesidades urxentes e inaprazables, para a execución do programa de carácter temporal de duración determinada AFD 2025/26 do Concello do Porriño; subvencionado ao abeiro da ORDE do 8 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2025-2027 e se procede á primeira convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva para o financiamento de accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C, para persoas traballadoras desempregadas, para os anos 2025-2026 (código de procedemento TR301K), publicada no DOG núm. 130, do 9 de xullo de 2025.

Segunda.- CARÁCTERÍSTICAS DAS CONTRATACIÓNS

2ª.1. Os contratos laborais temporais que se convocan son:

- ❖ 1 Docente, a xornada completa para impartir o Certificado profesionalidade SSCS0208.- ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS:
- MF1016-2: Apoio na organización de intervencións no ámbito institucional (100 horas).
- MF1017-2: Intervención na atención hixiénico-alimentaria en institucións (70 horas).
- MF1018-2: Intervención na atención socio-sanitaria en institucións (70 horas).
- MF1019-2 Apoio psicosocial, atención relacional e comunicativa en institucións (130 horas).
- MP0029: Módulo de prácticas profesionais non laborais (80 horas)

No seu defecto seleccionaranse docentes a xornada parcial por módulos formativos, segundo a validación da Xunta ao efecto.

- ❖ 1 Xestor/a-técnico/a de formación, a tempo parcial (xornada 5 h) para coordinar, realizar o seguimento da actividade docente e impartir os módulos transversais que se indican:
- FCO003 Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero (10 horas)
- FCOXXX24 Formación para a Igualdade (8 horas)

2ª.2. O Concello do Porriño formalizará, os contratos coas persoas seleccionadas, no modelo oficial correspondente, a modalidade de contratación será a de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, código 405 a xornada completa e código 505 a xornada parcial (tamén para o suposto de que por defecto se seleccionen docentes a xornada parcial por módulos formativos, segundo a validación da Xunta ao efecto).

2ª.3. A xornada de traballo: xornada de traballo ordinaria a tempo completo, segundo establecido no convenio; e/ou a tempo parcial de 5 horas por día laboral, en horario de 9:00 a 14:00 h.

2ª.4. Duración: desde a formalización do mesmo ata a data fin do curso (programado AFD para inicio o 03/11/25 e fin o 15/05/26); podendo ser prorrogado en caso de ser subvencionada unha segunda edición desta formación AFD no exercicio 2026; sen exceder, o contrato e a prórroga, os 12 meses de duración.

2ª.5. As retribucións das persoas seleccionadas e contratadas mediante os devanditos contratos laborais temporais, determinaranse consonte a táboa retributiva do Anexo I da modificación do convenio colectivo das condicións de emprego do persoal laboral do Concello do Porriño,

MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO (1 para 1)
Data de Sinatura: 10/10/2025
HASH: 231466b5c4b62bd441815e581652b



Cod. Validación: A3AE0EHK6SS55PXAEX2C35H5K
Corrección: <https://porriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 18



Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



publicada no BOP núm. 246, do 26-12-2013, coas actualizacións legais correspondentes segundo a vixente Lei de orzamentos xerais do Estado e, no seu caso, as instrucións que dite o Ministerio de Facenda e Función Pública.

Terceira.- FUNCIÓNS A REALIZAR

As funcións que corresponde realizar á persoa contratada son:

Persoa docente:

- a) Programar os contidos do plan formativo da especialidade.
- b) Impartir os contidos teóricos e prácticos aplicando a metodoloxía didáctica axeitada.
- c) Avaliar a aprendizaxe dos alumnos.
- d) Manter a disciplina do alumnado, dando conta das incidencias que se produzan.
- e) Responsabilizáranse do bo uso e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- f) Titorizar e realizar o seguimento das prácticas profesionais do alumnado.
- g) Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial da acción formativa obxecto da súa contratación

Persoa xestora/técnica de formación:

- a) Xestión e supervisión económica e coordinación xeral do proxecto. Manexo programa informático SIFO.
- b) Levar a planificación e seguimento do proxecto, incluída a xestión das prácticas profesionais non laborais en centros de traballo.
- c) Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo.
- d) Coordinar a acción educativa do equipo de profesionais que traballan no proxecto.
- e) Controlar a asistencia e puntualidade de todo o persoal e alumnado e o cumprimento das súas obrigas, manexo sistema control biométrico COBIPE.
- f) Determinar, en coordinación cos docentes, os medios e materiais didácticos a empregar.
- g) Favorecer a consecución de actitudes e hábitos sociais no grupo de alumnos como colectivo.
- h) Programar e impartir, por cada un dos cursos aprobados, a materia dos módulos transversais de: FCOO03 - Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero de 10 h. e, FCOXXX24 - Formación para a igualdade de 8 h.
- i) Facilitar de maneira individualizada información e orientación laboral para a propia acción formativa.
- j) Promoción da inserción laboral dos beneficiarios do proxecto.
- k) Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial da acción formativa obxecto da súa contratación





Cuarta.- LIMITE NA PARTICIPACIÓN DESTA CONVOCATORIA

Non poderán participar neste proceso, quedando excluídos/as automaticamente do mesmo as persoas traballadoras que nun período de vinte e catro meses houberan estado contratadas polo Concello do Porriño durante un prazo ao que sumado a totalidade ou parte do tempo da contratación obxecto destas bases puidera resultar máis de dezaioito meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente contrato de traballo, mediante dous ou máis contratos por circunstancias da produción sexa directamente ou a través da súa posta a disposición por empresas de traballo temporal, coas mesmas ou diferentes modalidades contractuais de duración determinada; de conformidade co disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 24 de marzo e no Real Decreto-Lei 10/2011, de 26 de agosto e o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

Quinta.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de preselección e selección das persoas candidatas realizarase:

1º. Preselección de persoas candidatas a través de Oferta de emprego tramitada na Oficina de Emprego do Porriño e unha vez concluída a sondaxe a oficina remitirá ao Concello do Porriño a listaxe coas persoas preseleccionadas

2º. Selección definitiva mediante concurso-oposición, por convocatoria pública, con publicación nos taboleiros de edictos do Concello de O Porriño e na páxina web municipal www.porremprego.org.

Sexta.- PUBLICIDADE DAS BASES

As presentes bases serán publicadas nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego, no Portal de Emprego de Galicia; así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, sección porremprego.

O anuncio da convocatoria publicarase en Faro de Vigo, computándose o prazo de presentación de solicitudes a partir da data de publicación do devandito anuncio.

Sétima.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

As persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán posuír os seguintes requisitos ou estar en condicións de obtelos ata que finalice o prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento da formalización do contrato:

1. Ter nacionalidade española. Os/as nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea e os estranxeiros/as residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións cós/cás españois aos empregos públicos nos termos e coas excepcións que determina o Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. *(Acreditarán ademais a súa nacionalidade ou a súa residencia respectivamente e o cumprimento das condicións establecidas para todos/as aspirantes, mediante fotocopia da tarxeta en vigor acreditativa, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe, DNI).*





2. Ter 16 anos cumpridos e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa. *(Acreditarase de igual forma que o apartado 1).*
3. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do contrato obxecto destas bases. *(Acreditarase cunha declaración de responsabilidade asinada polo/a interesado/a).*
4. Non haber sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin terse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. *(Acreditarase cunha declaración de responsabilidade asinada polo interesado/a, sen prexuízo no seu caso de ter que acreditarlo tamén de xeito documental caso de que así o solicítase o Tribunal).*
5. Non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente. *(Acreditarase cunha declaración de responsabilidade asinada polo interesado/a, sen prexuízo no seu caso de ter que acreditarlo tamén de xeito documental caso de que así o solicítase o Tribunal).*
6. Non estar comprendido en causa de encadeamento de contratos temporais a que se refire a base 4ª de exclusión automática desta convocatoria. *(Acreditarase coa presentación de vida laboral con data posterior á publicación desta bases e cunha declaración de responsabilidade do interesado/a de non estar comprendido en causa encadeamento de contratos)*

Requisitos específicos mínimos contratacións (non baremables):

a) Xestor/a-técnico/a de formación:

- Estar en posesión do título académico de grao ou en condicións de obtelo na data en que termine o prazo de presentación de solicitude
- Acreditar formación homologada en materia de igualdade de 150h ou ben ter traballado 150 horas en materia de igualdade; e formación ou capacitación profesional de 150 horas en total no ámbito de Inserción laboral, medio ambiente e igualdade
- Competencia docente: Certificado profesional de habilitación para a docencia ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 168 do RD 659/2023, do 18 de xullo, excepto nos supostos de estar exentos de dispor de dito certificado profesional de habilitación da docencia recollidos no artigo 2º, apartado quince, do RD 658/2024, de 09 de xullo, polo que se modifica o artigo 168 do RD 659/2023, no parágrafo a) do apartado 1 e se engade un apartado 5.

b) Docente:

- Competencia docente: Certificado profesional de habilitación para a docencia ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 168 do RD 659/2023, do 18 de xullo, excepto nos supostos de estar exentos de dispor de dito certificado profesional de habilitación da docencia recollidos no artigo 2º, apartado quince, do RD 658/2024, de 09 de xullo, polo que se modifica o artigo 168 do RD 659/2023, no parágrafo a) do apartado 1 e se engade un apartado 5.

Ou titulación universitaria de grao ou Licenciatura/diplomatura en pedagogía, psicopedagogía ou mestre/a, ou título de grao no ámbito da psicoloxía ou pedagogía ou postgrao neses ámbitos.

Ou pertencer ás especialidades docentes habilitadas para impartir formación profesional no sistema educativo.





Ou experiencia docente contrastada de polo menos 600 horas, nos últimos 10 anos, en formación profesional para o emprego ou do sistema.

- Experiencia profesional de 1 ano con Licenciatura, Enxeñería, Arquitectura ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes relacionados coa especialidade, segundo o artigo 168 do RD659/23, do 18 de xullo

Ou Diplomatura, Enxeñería Técnica, Arquitectura Técnica ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes relacionados coa especialidade, segundo o artigo 168 do RD659/23, do 18 de xullo

Ou técnico superior da familia profesional de Servizos socioculturais e á comunidade

Ou certificado de profesionalidade de nivel 3 da área de Atención social da familia profesional de Servizos socioculturais e á comunidade

- Experiencia profesional de 3 anos relacionada coa formación (SSCS0208) ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSONAS DEPENDIENTES EN INSTITUCIONES SOCIALES, sen titulación

A titulación mínima unicamente se terá en conta para determinar a admisión da persoa candidata, non sendo obxecto de valoración posterior; xa que son criterios de acceso segundo o RD 1379/2008, de 1 de agosto, modificado por el RD 721/2011, de 20 de maio, modificado por el RD 625/2013, de 2 de agosto, regulador do certificado.

No suposto de que a titulación se obtivese no estranxeiro o aspirante deberá aportar a correspondente homologación ou convalidación polo organismo competente para establecela. *(Acreditarase mediante fotocopia do correspondente título ou, no seu caso, do resgardo de ter efectuado o depósito para obtelo e da certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición.)*

A experiencia laboral acreditarase segundo o estipulado na base décima.

Oitava.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas interesadas en participar no proceso selectivo e as preseleccionadas pola Oficina do Porriño do Servizo Público de Emprego de Galicia, deberán presentar a súa solicitude segundo o **Anexo I** dirixida ó Sr. Alcalde do Concello do Porriño no Rexistro Xeral deste Concello, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres, ou por sede electrónica.

O prazo de presentación será de **3 días hábiles** a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no Faro de Vigo, e que será a mesma data que indique a oficina de emprego para as persoas preseleccionadas por oferta de emprego. O devandito prazo de presentación de solicitudes prorrogarase ata o primeiro día hábil seguinte, se terminase nun día inhábil.

A solicitude presentarase no correspondente modelo que se acompaña como **Anexo I** destas bases ou na forma que determina o art. 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP), e conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, co seu enderezo, a denominación do procedemento de selección a que se refire estas bases, á contratación que pretende, e así mesmo unha declaración expresa de que coñece e acepta as Bases que rexen o proceso selectivo e reúne os requisitos sinalados nas mesmas. Xunto coa solicitude os/as aspirantes achegarán inescusablemente a documentación que acredite que compren os requisitos alegados e determinados nestas bases, tal como se indica en cada un dos seus apartados; así como a documentación acreditativa dos méritos alegados na solicitude.

As solicitudes tamén poderán presentarse nas demais formas que determina o artigo 16.4 da





Concello do Porriño

LPACAP.

As persoas aspirantes quedan vinculados aos datos que fagan constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte. A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

Novena.- ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes o Alcalde ditará resolución pola que se aproba a **lista provisional** de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, así como designación do tribunal do proceso selectivo. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, sección porremprego.

As persoas aspirantes excluídas ou omitidas disporán **dun prazo de 1 día hábil**, contado a partir do seguinte ao da publicación da resolución de aprobación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as para poder emendar, de ser o caso, os erros ou defectos que motivaron a súa exclusión ou a súa omisión, así como para promover a recusación dos membros dos tribunais.

As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen tales defectos de exclusión ou non alegasen a omisión xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de persoas aspirantes admitidas serán definitivamente excluídas do proceso selectivo.

Transcorrido o prazo anterior, o Alcalde ditará resolución pola que aprobará a **lista definitiva** de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao proceso selectivo, e fixará o lugar, data e a hora da constitución do tribunal e do primeiro exercicio. Esta resolución así como todas as posteriores, publicaranse no taboleiro de anuncios da Sede electrónica, no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño e na páxina web municipal www.porremprego.org.

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente como se indica nestas bases.

Décima.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal cualificador estará formado por cinco membros: un/ha presidente/a, un/ha secretario/a e tres vogais e quedará integrado polos empregados/as públicos que designe o Alcalde, publicándose a súa composición consonte o disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ningún.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás contratacións convocadas. Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios/as interinos/as e o persoal eventual.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro,





de Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante LRXSP), así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para abstención de conformidade artigo 24 da LRXSP.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do/a presidente/a e do secretario/a ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal está facultado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

O tribunal adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios dos/as aspirantes con discapacidade, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades coas demais persoas participantes, nos termos establecidos na normativa vixente.

O tribunal deberá ter en conta o establecido no artigo 17 da ordenanza do uso do Galego no concello do Porriño publicada no BOPPO nº 179 de 16/09/20.

O tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, para as probas que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas. Así mesmo o tribunal, baixo a súa dirección, poderá valerse de persoal de apoio administrativo durante o proceso selectivo.

Aos membros do tribunal así como aos seus asesores que concorran ás súas sesións e o persoal de apoio administrativo, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos devengos. As indemnizacións dos citados asesores e funcionarios de apoio, agás disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos supostos e na forma establecida na LPACAP.

Os acordos ou resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto nos artigos 106 e seguintes da LPACAP.

Décima.- SISTEMA DE SELECCIÓN DEFINITIVA

O sistema de selección definitiva será o de concurso-oposición:

- FASE CONCURSO: (Puntuación máxima 10 puntos)

Constituído o tribunal de selección valorará os méritos alegados polas persoas candidatas en base aos baremos establecidos nestas bases.

A puntuación máxima desta fase será de 10 puntos que supoñen o 40% da puntuación total do proceso selectivo.

Para tal efecto, só se terán en conta os méritos acreditados documentalmente coa solicitude e estar en posesión deles antes do remate do prazo de presentación:





- **Baremo méritos docente impartición formación AFD:**

1.- TITULACIÓN ACADÉMICA(Regrada).....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,50 ptos.

Diplomatura, Licenciatura, Grao, Mestrado ou doutorado, relacionada coa contratación, sempre que sexa outra titulación distinta á aportada como requisito específico deste proceso...0,50 ptos.

2.- FORMACION COMPLEMENTARIA.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 2,00 ptos.

So se valorará a formación impartida, organizada ou homologada por administracións públicas, universidades, organizacións sindicais, colexios oficiais ou escolas autorizadas para impartir formación, a partir de 30 horas.

Os cursos que non especifique o número de horas ou créditos non se valorará.

2.1.- Cursos relacionados coa contratación.....máximo 1,00 ptos.

Cursos de 30 a 99 horas.....	0,10
Cursos de 100 a 299 horas.	0,20
Cursos de 300 a 599 horas.	0,30
Cursos a partir de 600 horas.	0,40

2.2.- Cursos en Prevención de Riscos.....máximo 0,60 ptos.
(Só se valorará o grao superior alegado)

Básico xeral.....	0,10
Medio.....	0,30
Superior ou Máster.....	0,60

2.3.- Cursos de Informática nos últimos 5 anos.....máximo 0,40 ptos.

Cursos de 30 a 49 horas.....	0,10
Cursos de 50 a 99 horas.....	0,20
Cursos de 100 a 199 horas.....	0,30
Cursos a partir de 200 horas.....	0,40

3.- EXPERIENCIA PROFESIONAL RELACIONADA COA CONTRATACIÓN.....
PUNTUACIÓN MÁXIMA 7,00 ptos.

1.1. Experiencia como docente impartición de formación de accións formativas para desempregados (AFD) na especialidade deste contrato. Por cada mes.....0,10 ptos

1.2. Experiencia como docente noutros programas de formación e emprego, FP ocupacional ou regrada da especialidade deste contrato. Por cada mes.....0,05 ptos.

4.- COÑECEMENTOS DO IDIOMA GALEGO:.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,40 ptos.
(só se valorará o de rango superior)

1.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente.....	0,15
1.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente.....	0,30
1.3. Certificado de Lingua Galega C5 ou equivalente.....	0,40

5.- DESEMPREGADO.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,10 ptos

(Non se valorará situación de mellora de emprego)

(Acreditarase coa tarxeta de demandante de emprego ou documento expedido polo Servizo público de emprego)





- **Baremo méritos xestor/a-técnico/a de formación AFD:**

1.- TITULACIÓN ACADÉMICA(Regrada).....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,50 pts.

Diplomatura, Licenciatura, Grao, Mestrado ou doutorado, relacionada coa contratación, sempre que sexa outra titulación distinta á aportada como requisito específico deste proceso...0,50 pts.

2.- FORMACION COMPLEMENTARIA.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 2,00 pts.

So se valorará a formación impartida, organizada ou homologada por administracións públicas, universidades, organizacións sindicais, colexios oficiais ou escolas autorizadas para impartir formación, a partir de 30 horas.

Os cursos que non especifique o número de horas ou créditos non se valorará.

2.1.- Cursos relacionados coa contratación..... máximo 1,00 pts.

Cursos de 30 a 99 horas.	0,10
Cursos de 100 a 299 horas.	0,20
Cursos de 300 a 599 horas.	0,30
Cursos a partir de 600 horas.	0,40

2.2.- Cursos en Prevención de Riscos.....máximo 0,60 pts.
(Só se valorará o grao superior alegado)

Básico xeral.....	0,10
Medio.....	0,30
Superior ou Máster.....	0,60

2.3.- Cursos de Informática nos últimos 5 anos.....máximo 0,40 pts.

Cursos de 30 a 49 horas.	0,10
Cursos de 50 a 99 horas.	0,20
Cursos de 100 a 199 horas.	0,30
Cursos a partir de 200 horas.....	0,40

3.- EXPERIENCIA PROFESIONAL RELACIONADA COA CONTRATACIÓN.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 7,00 pts.

1.3. Experiencia como xestor/a ou técnico/a de formación de accións formativas para desempregados (AFD). Por cada mes0,10 pts

1.4. Experiencia como titor/a ou coordinador/a noutros programas de formación e emprego. Por cada mes.....0,05 pts.

4.- COÑECEMENTOS DO IDIOMA GALEGO:.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,40 pts.

(só se valorará o de rango superior)

1.4. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente.....	0,15
1.5. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente.....	0,30
1.6. Certificado de Lingua Galega C5 ou equivalente.....	0,40

5.- DESEMPREGADO.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,10 pts

(Non se valorará situación de mellora de emprego)

(Acreditarase coa tarxeta de demandante de emprego ou documento expedido polo Servizo público de emprego)

Documentación acreditativa da formación:





Concello do Porriño

Acreditarase mediante diplomas, títulos ou certificados da entidade que imparte a formación, facendo referencia inescusablemente ao número de horas, e debendo constar así mesmo: contidos, datas de impartición e emisión, datos da entidade que imparte a formación, identificación da persoa que certifica (nome e cargo da mesma) e selo da entidade.

Só se valorarán os cursos de formación e perfeccionamento que versen sobre materias relacionadas directamente coas funcións propias de cada contratación a que se haxa optado o/a aspirante, sempre que os cursos fosen impartidos por unha Administración ou Organismo Público (INAP, EGAP e outros organismos oficiais), se trate de cursos oficiais derivados do cumprimento dos acordos de formación continua de administracións públicas ou do plan de formación do Concello e cursos impartidos por colexios profesionais e centros homologados.

As titulacións académicas xustificaranse cos correspondentes títulos ou resgardos da solicitude dos mesmos.

A puntuación outorgarase de conformidade co baremo establecido nos anexos destas bases.

Documentación acreditativa da experiencia profesional :

Traballo por conta allea: acreditada a través de vida laboral actualizada máis copia de contratos onde figure a categoría profesional; ou certificados expedidos por organismos oficiais ou outros documentos oficiais que reflectan claramente o posto desempeñado, a categoría e a duración da relación laboral.

Persoas Traballadoras Autónomas: mediante vida laboral actualizada, xustificante de alta de actividade económica (IAE) e facturas ou contratos en que consten os servizos prestados

Traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión, a categoría profesional e o tempo de permanencia.

O cómputo da experiencia realizarase, de acordo cos datos reflectidos na Vida Laboral. A non aportación da vida laboral, implica que os méritos non serán tidos en conta polo tribunal nin se valorarán aínda que se aleguen no Anexo I.

- FASE DE OPOSICIÓN: (Puntuación máxima: 15 puntos)

A puntuación máxima desta fase será de 15 puntos que supoñen o 60% da puntuación total do proceso selectivo.

Constará dun exercicio práctico, obrigatorio e eliminatorio.

O devandito exercicio consistirá en realizar un ou varios supostos ou probas prácticas ou tipo test, propostos libremente polo tribunal cualificador, tanto respecto ao seu número, como a súa natureza e relacionados coas funcións e obrigas do persoal docente e de xestión, para a execución da especialidade AFD e a obtención final da aptitude do certificado de profesionalidade.

Na valoración do presente exercicio o tribunal cualificador apreciará as aptitudes, destrezas profesionais e capacidades das persoas candidatas para a adecuación ao posto, precisión e síntese na exposición, e calidade de expresión.

O tempo concedido para o desenvolvemento dos exercicios prácticos será determinado polo tribunal cualificador con anterioridade á realización destes.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a quince (15) puntos, quedando eliminada a persoa aspirante que non obteña un mínimo de sete con cinco (7,5) puntos.





Os exercicios realizados poderán ser lidos pola persoa aspirante ou polo propio tribunal cualificador a decisión deste último, debéndose garantir, no suposto de lectura polo tribunal o anonimato das persoas aspirantes adoptándose as previsións que resultasen oportunas para ese efecto na súa fase de execución e posterior valoración deste.

Décimo primeira.- DESENVOLVEMENTO DA OPOSICIÓN

O Alcalde ditará resolución pola que aprobará a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao proceso selectivo; e fixará o lugar, data e a hora da constitución do tribunal e do primeiro exercicio. Esta resolución publicárase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica, no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño e na páxina web municipal www.oporrino.org, sección porremprego.

A publicación dos sucesivos anuncios de realización das fases e dos resultados destas efectuarase polo tribunal no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello do Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal www.oporrino.org, sección porremprego.

No caso de que participen persoas con discapacidade que soliciten adaptacións de tempo e medios, será o Tribunal o que determine o contido e alcance das adaptacións solicitadas. Para a concesión ou denegación das solicitudes de adaptación, terase en conta que as mesmas non deberán desvirtuar o contido do exercicio, nin implicar a redución nin menoscabo do nivel de suficiencia esixible para superar o proceso selectivo. Para a adaptación de tempos estarase a Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño pola que se establecen criterios xerais para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade e normativa de concordante aplicación. O Tribunal de selección poderá requirir informe e, de ser o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia.

Os/as aspirantes serán convocados/as para cada exercicio en chamamento único e perderán o seu dereito os/as que non comparezan cando se realice, agás en casos alegados e xustificados con anterioridade á realización dos exercicios, os cales serán libremente apreciados polo Tribunal.

A non presentación de un aspirante a calquera dos exercicios obrigatorios no momento de ser chamado, determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar no mesmo e nos sucesivos, quedando excluído, en consecuencia, do procedemento selectivo.

Aos efectos previstos neste apartado, o chamamento considerarase único, aínda que haxa que dividirse en varias sesións a realización do exercicio que así o requira, debendo asistir os/as aspirantes á sesión á que foran convocados/as.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

En calquera momento o tribunal poderá requirir os/as opositores para que acrediten a súa identidade.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na convocatoria, deberá propoñer á Alcaldía a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes, previa audiencia coa persoa interesada, que perderá todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación no procedemento.

Non se permitirá o acceso aos locais nos que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento ou dispositivo do que se poida valerse o opositor para auxiliarse na realización dos exercicios, agás que se atopen totalmente apagados durante o exame. En caso contrario, o opositor será sancionado coa expulsión do exame e do proceso selectivo.





O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos aspirantes na realización dos exercicios.

Concluído cada exercicio o Tribunal fará pública a relación, por orde decrecente, coa indicación da puntuación obtida no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, sección porremprego.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse un recurso administrativo de alzada ante a alcaldía por ser o órgano que os nomeou, segundo o previsto no artigo 121 da LPACAP.

Décimo segunda.- ACCESO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Aos efectos do proceso selectivo contido nestas bases e dos actos e actuacións que deriven do mesmo, terán a consideración de persoas con discapacidade as definidas no apartado 2 do artigo 4 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013 ou normativa posterior que substitúa esta definición. Non obstante, no caso de tratarse dos pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez, e aos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade, so terán a condición de persoas con discapacidade aos efectos destas bases se teñen recoñecida e acreditan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33%.

As persoas con discapacidade deberán cumprir co establecido nestes bases, tendo en conta as peculiaridades ou previsións que se contemplan nesta base.

Unicamente poderán presentarse a persoas con discapacidade as que teñan tal consideración, acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións da praza convocada e cumpran co resto de requisitos que se determinan nestas bases. Ademais do indicado na base 4ª relativa á presentación de solicitudes, os/as opositores/as con discapacidade xeral deberán achegar o certificado de discapacidade emitido polo órgano técnico competente no que se acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%; así como o de compatibilidade co desempeño das tarefas da praza convocada. Aqueles/as aspirantes que estean en situación de discapacidade e soliciten adaptación de tempo e medios para a realización das probas da oposición, deberán:

- a) Solicitalo expresamente na súa instancia, concretando as adaptacións que necesita.
- b) Achegar coa solicitude o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de discapacidade competente, acreditando de forma fidedigna as deficiencias permanentes que deron orixe ao grao de discapacidade recoñecido, a efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non das adaptacións solicitadas. Só se poderá solicitar e outorgar esta adaptación se o/a aspirante presenta especiais dificultades para a realización das probas de oposición e así se acredita co ditame técnico facultativo e estas adaptacións gardan relación directa coa proba a realizar. As adaptacións de tempo deberán axustarse ao previsto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño pola que se establecen criterios xerais para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade e normativa de concordante aplicación. Os órganos de selección poderán requirir informe e, de ser o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia.

Como xa se indicou, o tribunal adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios para estas persoas, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades coas demais persoas participantes, nos termos establecidos na normativa vixente.

Tal como prevé o artigo 3.3 do Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, as probas selectivas para persoas con discapacidade terán idéntico contido para todos os aspirantes, sen prexuízo das adaptacións que necesiten as persoas con discapacidade.

Décimo terceira.- PUNTUACIÓN FINAL





A puntuación definitiva de cada aspirante será a resultante da suma das puntuacións obtidas na fase do concurso e de oposición.

No suposto de empate na puntuación final entre dúas ou máis persoas candidatas do proceso de selección rexerán os seguintes criterios:

- 1º. A persoa que acade a maior puntuación na fase de oposición
- 2º. A persoa que acade a maior puntuación no apartado de experiencia profesional
- 3º. A persoa que acade a maior puntuación no apartado de formación complementaria
- 4º. A persoa que acade a maior puntuación no apartado de coñecementos de idioma galego
- 5º. A persoa que acredite maior tempo como desempregado

De persistir o empate este resolverase mediante sorteo, anunciando a súa realización, para a posible presenza dos aspirantes afectados, sinalando o lugar, día e hora da súa celebración, mediante anuncio publicado no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello do Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal www.oporrino.org, sección porremprego.

Determinada a cualificación final das persoas aspirantes o Tribunal elaborará a relación de persoas aprobadas, por orde decrecente de puntuación, e publicará esta no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello do Porriño e de forma complementaria na páxina web municipal www.oporrino.org; e formulará proposta de contratación ao Alcalde coas persoas aspirantes que obtiveran as maiores puntuacións.

O tribunal en ningún caso poderá propoñer un número superior de aspirantes ao das contratacións previstas nestas bases. Calquera proposta que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito. A proposta do tribunal terá carácter vinculante.

As persoas propostas, previa formalización do contrato, serán remitidas á Xunta, coa súa documentación de méritos para ser validados pola persoa coordinadora da formación AFD do Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego, do Departamento Territorial De Pontevedra Consellería De Emprego, Comercio E Emigración; quen determinará se cumpren os requisitos esixidos. En caso de non ser validado, seralle comunicado o rexeitamento e remitirase a seguinte persoa da relación de aprobadas, ata acadar a validación da persoa coordinadora da formación; coas cales se formalizarán os correspondentes contratos de traballo.

Unha vez iniciado o programa poderase facer uso da relación de aprobados para cubrir algunha baixa ou renuncia, seguindo o procedemento do parágrafo anterior.

Décimo cuarta.- PRESENTACIÓN DOCUMENTACIÓN PARA CONTRATACIÓN

As persoas aspirantes e propostas para as contratacións terán que presentar a seguinte documentación no prazo máximo de **1 día hábil** contado a partir do día da publicación do resultado do proceso selectivo:

1. Fotocopia do documento no que conste o número de afiliación á seguridade social (*tarxeta sanitaria, vida laboral ou documento similar que acredite tal extremo*)
2. Certificación de conta bancaria con número IBAN
3. Deberán xustificar, durante o período de proba contractual, que non padecen enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas a desenvolver, mediante certificación médica Oficial estendida en impreso, editado polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos de España, debendo amais levar estampado o selo do colexio médico provincial en que este certificado sexa estendido ou se o médico pertence a unha entidade sanitaria pública, no impreso Oficial da devandita entidade.





Se transcorrido o devandito prazo non aporta a documentación, segundo o anterior, considerarase que renuncia á esta e pasará a requirirse á seguinte persoa aprobada con maior puntuación ata cubrir a totalidade de contratacións convocadas.

Décimo quinta.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A Alcaldía á vista das propostas do Tribunal e unha vez validada pola persoa coordinadora da formación, resolverá o que corresponda; de xeito que a formalización dos contratos debe realizarse na data límite do 3 de novembro 2025.

Nos contratos utilizaranse necesariamente as modalidades de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, código 405 e 505, e deberá constar a declaración responsable de non desempeñar ningún traballo, posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada remunerada, e de non incorrer en ningunha das causas de incompatibilidades de aplicación ao persoal das Administracións Públicas e de comprometerse a desenvolver a súa actividade profesional con pleno respecto ó disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, así como ó disposto no R.D. 598/1985, de 30 de abril.

Para o suposto de que a persoa proposta non se presente a formalizar o contrato, non o puidera formalizar por algunha causa legal, ou unha vez, formalizado foran extinguidos ou suspendidos por causas legais, ou para outros supostos en que a persoa contratada non puideran cumprir o contrato ou en casos de baixas, o Alcalde poderá formalizar un novo contrato polo tempo restante coa seguinte persoa aspirante que por orde de puntuación lle corresponda da relación definitiva de puntuación elaborada polo Tribunal, sen que en ningún caso a duración total do contrato inicial e do contrato da persoa substituta poida exceder do tempo indicado na base segunda.

Décimo sexta.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e ós/ás aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

Décimo sétima.- RÉXIME XURÍDICO

No non previsto nestas bases estarase ao establecido na Orde do 8 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras bases reguladoras para o período 2025-2027 e se procede á primeira convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva para o financiamento de accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C, para persoas traballadoras desempregadas, para os anos 2025-2026 (código de procedemento TR301K, publicada no DOG núm. 130, do 9 de xullo de 2025; na Resolución de concesión de subvención da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, de data 18 de setembro de 2025; no Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo; na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; na Lei 53/1984 de, 26 de decembro de Incompatibilidades del Persoal ao Servicio de las Administracións Públicas; na Lei 2/2015, de 29 de abril, do empregado público de Galicia; e demais disposicións concordantes e de xeral aplicación.

Décimo oitava.- INCIDENCIAS, IMPUGNACIÓN E REVISIÓN DE ACTUACIÓNS





O tribunal queda facultado para interpretar as presentes bases da convocatoria e para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde da selección en todo o non previsto nestas Bases. Así mesmo, o tribunal poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos a aqueles aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta na acreditación dos requisitos e méritos requiridos nestas bases. As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 35/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa segundo corresponda.

O Tribunal resolverá as dúbidas que se presenten e tomará os acordos necesarios para a boa orde da selección. Así mesmo, o Tribunal poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos/as a aqueles/as aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta.

Contra os acordos do tribunal poderán interpoñerse o recurso procedente ante o órgano competente de conformidade co previsto na Lei 39/15, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Administración municipal poderá, de ser o caso, proceder á revisión das resolucións do tribunal cualificador de conformidade co previsto na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público e do procedemento administrativo común.

Décimo novena.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Mediante a participación no referido proceso, as persoas titulares consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación, así como a provisión de contratacións e confección do banco de datos ou lista de reserva.

As persoas participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición na sede electrónica deste Concello aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación, aos/as representantes dos/as traballadores/ras, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

ANEXO I. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAL DOCENTE E DE XESTIÓN PARA EXECUCIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA PARA DESEMPREGADOS (AFD) DO CONCELLO DE O PORRIÑO 2025/26

D./D^a.:	
DNI nº.:	Enderezo:
Código Postal:	Localidade:
Correo electrónico:	
Teléfono:	ante o Sr. Alcalde do Concello do Porriño,

Expón e declara responsablemente que coñece as bases desta convocatoria, que reúne os requisitos esixidos nas bases e que son certos os datos que figuran nesta solicitude.

1.- TITULACIÓN ACADÉMICA(Regrada).....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,50 ptos.





Concello do Porriño

TITULACIÓN E ESPECIALIDADE	DATA DO TÍTULO	PUNTUACIÓN
TOTAL		

2.- FORMACION COMPLEMENTARIA.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 2,00 pts

2.1.- Cursos relacionados coa contratación..... máximo 1,00 pts

NOME DO CURSO	CENTRO/ ORGANISMO	HORAS	PUNTUACIÓN
TOTAL			

2.2.- Cursos en Prevención de Riscos.....máximo 0,60 pts

NOME DO CURSO	CENTRO/ ORGANISMO	HORAS	PUNTUACIÓN
TOTAL			

2.3.- Cursos de Informática nos últimos 5 anos.....máximo 0,40 pts

NOME DO CURSO	CENTRO/ ORGANISMO	HORAS	PUNTUACIÓN
TOTAL			

3.- EXPERIENCIA PROFESIONAL RELACIONADA COA CONTRATACIÓN..... PUNTUACIÓN MÁXIMA 7,00 pts

3.1. Experiencia en coordinación / técnico de formación de accións formativas para desempregados (AFD). Por cada mes.....0,10 pts

ENTIDADE	ESPECIALIDADE	INICIO	FIN	PUNTUACIÓN
TOTAL				

3.2. Experiencia en funcións relacionadas coa titoría ou coordinación noutros programas de formación e emprego. Por cada mes.....0,05 pts.

ENTIDADE	ESPECIALIDADE	INICIO	FIN	PUNTUACIÓN





Concello do Porriño

TOTAL	
--------------	--

4.- COÑECEMENTOS DO IDIOMA GALEGO:.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,40 ptos.
(só se valorará o de rango superior)

TITULACIÓN E ESPECIALIDADE	PUNTUACIÓN
TOTAL	

5.- DESEMPREGO.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,10 ptos.
(Non se valorará situación de mellora de emprego)

DOCUMENTO DEMANDANTE DE EMPREGO	PUNTUACIÓN
TOTAL	

Solicita ser admitido/a no proceso selectivo para a contratación como:

- ☐ Docente impartir formación AFD SSS0208.-ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS
- ☐ Xestor/a-técnico/a de formación AFD e impartir módulos transversais

E aporta a documentación para xustificación de cumprimento dos requisitos e dos méritos alegados:

- ☐ Fotocopia do DNI, NIE e/ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes
- ☐ Declaración responsable de posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias, non ter sido separado/a do servizo das Administracións públicas e de non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial así como de non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente nos termos establecidos nos apartados 4., 5. e 6. da base sétima
- ☐ Fotocopia do correspondente título oficial esixido
- ☐ Certificación oficial ou informe da vida laboral expedida en data posterior á publicación do anuncio da convocatoria
- ☐ Fotocopia xustificación documental de todos os méritos alegados para ser valorados polo tribunal e relacionados nesta solicitude.

En....., a.....de.....de 2025

Asinado:

.....

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA)

ANEXO II. Declaración responsable cumprimento requisitos establecidos nos apartados 3.,4., 5. e 6. da base sétima

D./D^a.:	
DNI nº.:	ante o Sr. Alcalde do Concello do Porriño,

Cod. Validación: A3AEQEHK6SS55PXAEX2C35HSK
Corrección: https://porriño.sedelectronica.gal
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 18





Concello do Porriño

Declaro responsablemente:

1. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do contrato obxecto destas bases.
2. Non haber sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin terse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
3. Non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
4. Non estar comprendido en causa de encadeamento de contratos temporais a que se refire a base 4ª de exclusión automática desta convocatoria.

En, a..... de.....de 2025
Sinatura solicitante:

.....
SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA)

ANEXO III. Aceptación ou renuncia

PROCESO DE SELECCIÓN PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAL DOCENTE E DE XESTIÓN PARA EXECUCIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA PARA DESEMPREGADOS (AFD) DO CONCELLO DE O PORRIÑO 2025/26

D./Dª.:	
DNI nº.:	ante o Sr. Alcalde do Concello do Porriño,

Como persoa participante e proposta para contratación como:

- ☐ Docente impartir formación AFD SCS0208.-ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNES SOCIAIS
- ☐ Xestor/a-técnico/a de formación AFD e impartir módulos transversais

Manifesta que:

- ☐ Acepta o contrato
☐ Renuncia ao contrato

En....., a.....de. de 2025
Asinado:

.....
SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA)

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde.

Cod. Validación: A3AEQEHK6SS55PXAEX2C35HSK
Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 18

